

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

### PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año .....36,06 €  
Al semestre .....24,04 €  
Mas gastos de envío  
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

### VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas.....0,60 €  
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas .....0,90 €  
Por ejemplar de más de 12 páginas .....1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

### ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números.....0,15 €  
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.  
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.  
- Importe mínimo de publicación .....6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)  
Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

## AYUNTAMIENTOS

### BECERREA

#### Información pública

Aprobados pola Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2009 os padróns que de seguido se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo subministro de agua 1º trimestre/2009.
- Taxa pola recollida de lixo 1º trimestre/2009.
- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración 1º trimestre/2009.

Recurso: Contra o acordo da aprobación dos padróns poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Xunta de Goberno Local do Concello de Becerreá.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

### ANUNCIO DE COBRANZA.

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de tres meses, con-

tados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servizo Provincial de Recadación da Deputación Provincial de Lugo.

A presente publicación, nos douos supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 25 de marzo de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 01842

### BOVEDA

#### ANUNCIO DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

(De conformidade co que dispón o artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público).

1. Entidade adxudicadora.

Concello de: Bóveda.

Dependencia que tramita o expediente: Secretaría municipal.

Número expediente da licitación da obra: 070/2009.213.

2. Obxecto do contrato: "Subministro eléctrico ao campo de fútbol de Bóveda".

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Negociado sin publicidade.

4. Orzamento base da licitación.

Importe total: 17.937,59 euros, máis IVE incluído.

5. Adxudicación provisional.

Data: 31/03/2009.

Contratista: Daysu Electricidad, S.L.

Nacionalidade: Española.

Importe da adxudicación: 17.937,59 euros, IVE incluído.

Bóveda, a 31 de marzo de 2009.- O Secretario Xeral, Luis E. Matias Sánchez.

R. 01843

—  
BURELA

*Edicto*

Solicitando desta Alcaldía "CERVECERIA KIKO, S.L., con C.I.F. B-27.386.259, representada por DON BENEDICTO VELA SANTOS, con D.N.I. n.º. 76.557.680-H," licenza municipal para a apertura para a instalación dun "CAFÉ-BAR DE CATEGORIA ESPECIAL E RESTAURANTE", na Avda. da Mariña n.º. 85-baixo, en Burela, cumprindo o disposto no art. 8.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comenza a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Burela, a 26 de marzo de 2009.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 01835

—  
CASTROVERDE

*Anuncio*

Faise público que, por resolución de Alcaldía de data 20 de marzo de 2009.

RESOLVEUSE:

Primeiro.- Inicia-lo expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes da persoa que se indica, por non residir no enderezo no que figura inscrito:

NOME	DOCUMENTO
IOAN COTFAS	X078119907

Segundo.- Intentada a notificación persoal e descoñecendo o seu domicilio actual publicar no B.O.P. anuncio, outorgándolle un prazo de dez días para alegacións e presentación se é o caso, de documentos ou xustificantes dos seus dereitos.

Castroverde, a 31 de marzo de 2009.- O ALCALDE, Xosé María Arias Fernández.

R. 01936

—  
CERVO

*Anuncio de cobranza*

Pola Xunta de Goberno Local de 25 de marzo de 2009, aprobáronse ós padróns de cotas de socio e escola de natación da piscina municipal de Lieiro e das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondentes ó mes de xaneiro de 2009, padrón das cotas de socio do Clube Deportivo Riocobo e das taxas correspondentes ás escolas deportivas municipais correspondentes ó mes de febreiro do ano 2009.

Os referidos recibos atópanse expostos ó público nas dependencias municipais de Recadación, ós efectos de que polos interesados sexan examinados e poidan presentar reclamacións.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 8 de abril ata o 12 de xuño de 2009. Unha vez transcorrido sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento:

- Nas dependencias de Recadación, sitas na planta baixa da Casa Consistorial, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres.

- Ingreso nas contas bancarias abertas polo Concello de Cervo nas seguintes entidades:

Banco Pastor. San Cibrao.

Caixa Galicia. San Cibrao.

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, Cervo e San Cibrao.

Banesto. San Cibrao.

- O sistema de domiciliación bancaria.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Cervo, 25 de marzo de 2009.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 01912

—  
FOLGOSO DO COUREL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Folgoso do Courel, Lugo, na sesión do 17 de marzo do 2009, aprobou os padróns fiscais da taxa pola prestación do

servicio de recollida de lixo e da taxa sobre prestación do servicio de rede de sumidoiros, ámbolos dous con cuotas anuais, correspondentes ó exercicio 2009.

De conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria o presente edicto terá os efectos de notificación colectiva das liquidacións dos anteditos padróns fiscais que se atopan nas oficinas do Concello para a súa consulta polos interesados.

Recursos: Contra as liquidacións e a aprobación dos padróns poderase interpor recurso de reposición ante á Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da resolución do recurso administrativo de reposición, se é expresa, ou seis meses a partir do día seguinte a aquél no que se produza o acto presunto. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso ou acción que estimen procedente.

Praza para o pago en período voluntario: Dende 01 de maio do 2009 ata o 31 de decembro do 2009. Os recibos domiciliados cobraránse na segunda quincena do mes de outubro do 2009. Lugar: En calquera das Caixas do termo municipal.

As liquidacións non pagadas en período voluntario esixíranse polo procedemento de apremio e devengarán o recargo de apremio, intereses de demora e, de sé-lo caso, as costas que se produzan.

Folgozo do Courel, 27 de marzo do 2009.- O Alcalde, José López Fontal.

R. 01839

FOZ

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA E  
NO PERFIL DO CONTRATANTE  
DECRETO ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

Visto que mediante Resolución de Alcaldía con data 11/02/2009 aprobouse o expediente e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras consistentes en "ADECUACIÓN E REHABILITACIÓN DE ENTORNOS E ESPAZOS PÚBLICOS URBANOS VIVENDAS SOCIAIS DO GRUPO LA PAZ", por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeu a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Procédese en data 04/03/09 á apertura das proposicións económicas có seguinte resultado:

1. CONSTRUCCIONES CARFERLO, S.L.: 98.188,68 euros, IVE incluído, e unha mellora de 500,00 euros, IVE non engadido.

2. CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY, S.L.: 98.188,68 euros, IVE incluído.

3. OBRAS CIVIS DA MARIÑA, S.L.: Presentou documentación incompleta e non a subsanou.

Analizadas as ofertas económicas realízase proposta de adxudicación a favor de CONSTRUCCIONES CARFERLO, S.L., examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Visto que con data 13/03/09, o órgano de contratación adxudicou provisionalmente a favor da empresa CONSTRUCCIONES CARFERLO, S.L., o contrato de obras polo prezo de 98.188,68 euros, IVE incluído, e unha mellora de 500,00 euros, IVE non engadido.

Visto que a adxudicación provisional notificouse a todos os candidatos.

Visto que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario requiríndolle para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e constituíra a garantía definitiva.

Visto que con data 24/03/2009, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de 4.232,27 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras de "ADECUACIÓN E REHABILITACIÓN DE ENTORNOS E ESPAZOS PÚBLICOS URBANOS VIVENDAS SOCIAIS DO GRUPO LA PAZ", aprobada por Decreto de Alcaldía con data 13/03/09.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar a adxudicación definitiva aos candidatos que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

CUARTO. Notificar ao representante da mercantil CONSTRUCCIONES CARFERLO, S.L., adxudicatario do contrato, a presente Resolución e citarlle para a sinatura do contrato que deberá realizarse no prazo de dez días hábiles dende a data da notificación da adxudicación.

QUINTO. Publicar a adxudicación definitiva do contrato de obras no perfil de contratante, e no BOP.

SEXTO. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra

axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde [ou Estudo Básico de Seguridade] do proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do coordinador de seguridade e saúde [ou Director Facultativo das Obras] e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederáse ao acta de reformulación e inicio da obra.

SÉTIMO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En Foz, a 25 de marzo de 2009.- O Alcalde, José María García Rivera.- O Secretario accidental, Manuel Rodríguez Luaces.

R. 01840

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA E NO PERFIL DO CONTRATANTE

DECRETO ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

Visto que mediante Resolución de Alcaldía con data 11/02/2009 aprobouse o expediente e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras consistentes en "EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS: CONEXIÓN Á REDE VIARIA DO CEMITERIO AO NÚCLEO DA PARROQUIA DE VILLARONTE", por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeu a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Procédese en data 04/03/09 á apertura das proposición económicas có seguinte resultado:

1. CONSTRUCCIONES CARFERLO, S.L., 119.185,24 euros, IVE incluído, e unha mellora de 500,00 euros, IVE non engadido.

2. CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY, S.L.: 119.185,24 euros, IVE incluído.

3. OBRAS CIVIS DA MARIÑA, S.L.: Presentou documentación incompleta e non a subsanou.

Analizadas as ofertas económicas realízase proposta de adxudicación a favor de CONSTRUCCIONES CARFERLO, S.L., examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Visto que con data 12/03/09, o órgano de contratación adxudicou provisionalmente a favor da empresa CONSTRUCCIONES CARFERLO, S.L., o contrato de obras polo prezo de 119.185,24 euros, IVE incluído, e unha mellora de 500,00 euros, IVE non engadido.

Visto que a adxudicación provisional notificouse a todos os candidatos.

Visto que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario requiríndolle para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cum-

primento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e constituíra a garantía definitiva.

Visto que con data 24/03/2009, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de 5.137,30 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras de "EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS: CONEXIÓN Á REDE VIARIA DO CEMITERIO AO NÚCLEO DA PARROQUIA DE VILLARONTE", aprobada por Decreto de Alcaldía con data 12/03/09.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar a adxudicación definitiva aos candidatos que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

CUARTO. Notificar ao representante da mercantil CONSTRUCCIONES CARFERLO, S.L., adxudicatario do contrato, a presente Resolución e citarlle para a sinatura do contrato.

QUINTO. Publicar a adxudicación definitiva do contrato de obras no perfil de contratante, e no BOP.

SEXTO. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o plan de seguridade e saúde da obra axustado ao estudo de seguridade e saúde [ou Estudo Básico de Seguridade] do proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do coordinador de seguridade e saúde [ou Director Facultativo das Obras] e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederáse ao acta de reformulación e inicio da obra.

SÉTIMO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En Foz, a 25 de marzo de 2009.- O Alcalde, José María García Rivera.- O Secretario accidental, Manuel Rodríguez Luaces.

R. 01841

GUITIRIZ

Anuncio

Por non presentarse reclamacións no período de información pública, elévase a definitivo o acordo provisional relativo á aprobación inicial da modificación do regulamento de organización e funcionamento do PAI que tivo lugar en sesión plenaria de 29.1.2009.

Transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85 a modificación entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación da mesma no BOP.

#### MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE GUITIRIZ.

1.- O artigo 6.2.3 quedará redactado como segue: "No momento do ingreso do menor, abríase un expediente persoal, onde constarán, de carácter confidencial: Os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en caso de urxencia, así coma outras circunstancias que aconsellen unha intervención diferenciada. Dentro de dito expediente personal incluírase un contrato-matrícula onde se reflectirá que o usuario se compromete ao cumprimento do presente regulamento."

2.- O artigo 6.2.9 quedará redactado como segue: "Todas aquelas nais que teñan previsto o parto nos meses de xullo e agosto poderán realizar unha reserva de praza provisional no prazo ordinario de matrícula do 15 ao 30 de xuño con motivo da conciliación da súa vida laboral e familiar. A reserva provisional en canto o neno cumpra a idade de permanencia no centro. No caso de non haber nacemento ou éste se retrase a datas posteriores a reserva provisional decaerá."

A reserva provisional elevarase a definitiva sempre a cando o beneficiario comece a utilizar o servizo no momento en que o menor cumpra os tres meses de idade, requiridos como idade mínima de ingreso."

3.- Suprímese o último parágrafo do artigo 7 que quedará redactado como segue:

"Causarase baixa no PAI por algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Incumprimento da idade regulamentaria de permanencia no centro.
- 2) A solicitude dos pais, titores ou representantes legais.
- 3) Por negativa a aboa-la tarifa aplicada.
- 4) Por comprobación da falsidade nos documentos ou datos aportados na solicitude.
- 5) Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro (previo informe da encargada da aula).
- 6) Por incumprimento reiterado das normas do PAI.
- 7) Por falla de asistencia continuada durante máis dun mes, sen previo aviso ou sen causa xustificada.

A baixa será resolta previo informe, da educadora familiar ou persoa designada no centro pola Alcaldía ou RPT, por Decreto da Alcaldía."

4.- Dase unha nova redacción ao apartado 8 do anexo I no que se inclúe o baremo de aplicación para o acceso a prazo no PAI que será como segue:

"8. Por ocupación de árboles dous pais: máximo 15 puntos".

Guitiriz, 30 de marzo de 2009.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 01837

#### — Anuncio

O Concello en Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2009, acordou a aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local e a aprobación inicial da ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Guitiriz.

Ábrese un período de exposición ao público por 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte á inserción deste anuncio no BOP, aos efectos de exame e presentación de reclamacións ou alegacións en relación cos acordos citados.

No caso de que non se presenten reclamacións o acordo inicial devirá definitivo.

Guitiriz, 30 de marzo de 2009.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 01838

#### — O INCIO

#### Edicto

El Pleno Corporativo Municipal en sesión extraordinaria de fecha 07/01/09, aprobó provisionalmente la modificación de las ordenanzas fiscales siguientes:

- Ordenanza fiscal reguladora del impuesto sobre bienes inmuebles.
- Ordenanza fiscal reguladora de la taxa por expedición de documentos administrativos.
- Ordenanza fiscal reguladora del impuesto sobre construcciones, instalaciones y obras.

De conformidad con lo establecido en el art. 17.1 y 2 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se abre un trámite de información pública, por plazo de treinta días, a contar desde el siguiente al de publicación del presente edicto en el BOP, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente en la Secretaría municipal y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

En el caso de que no se presenten reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional.

O Incio, 26 de marzo de 2009.- EL ALCALDE, Angel Camino Copa.

R. 01845

## LUGO

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día dezaioito de marzo de dous mil nove, adoptou, entre outros, o acordo número 13/190, de aprobación de BASES E CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA DUNHA PRAZA DE COORDINADOR/A DE ACCIÓNS FORMATIVAS, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "LUGO, EMPREGO ACTIVO".

Por todo isto, a través deste anuncio, procédese a facer públicas as bases e convocatoria para a cobertura interina dunha praza de coordinador/a de accións formativas, para a execución do proxecto temporal "Lugo, Emprego Activo". A duración do programa rematará o 15 de xuño de 2011.

## 1.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderán corrixirse o requisito da non presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido a esta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión do título de bacharelato ou titulación superior ou equivalente.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

## 2.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE.

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo.

## 3.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse ó Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: O prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: A presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

a.- Fotocopia compulsada do DNI.

b.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

## 4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

Consistirá en dúas fases:

A) Realización dunha proba que versará sobre o coñecemento das seguintes materias:

- Itinerarios integrais de inserción laboral.

- Estrutura do Servizo Público de Emprego.

- Programas estatais e autonómicos de inserción sociolaboral.

Esta proba terá carácter eliminatorio e puntuará de 0 a 10 puntos non superando a mesma quen non acaden unha puntuación de polo menos 5 puntos.

B) Baremo de méritos:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: Máximo: 6 puntos.

a) Experiencia profesional: Por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas en proxectos de intermediación e inserción sociolaboral, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa e contrato de traballo ou nomeamento no seu caso.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos.
- De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos.
- De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos.
- De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos.
- De 80 a 100 horas de duración 1 punto.
- De 101 ou mais horas de duración 1,15 puntos.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, únicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para o baremo de méritos, deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de emendas.

Lugo, 27 de marzo de 2009.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE, José Rábade Arias.

R. 01832

DECRETO NÚMERO 292/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓN EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. don JOSÉ RÁBADE ARIAS, tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, trinta de marzo de dous mil nove.

Rematada a cualificación final das aspirantes e, visto o resultado emitido por el Tribunal cualificador das probas selectivas celebradas para o acceso en propiedade, en quenda libre, a unha praza de traballador/a social, cuxa cobertura foi convocada polo Decreto do Libro de Resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, nº 187/2007 (BOP nº 78, do 4-4-2007); en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e dos acordos de dito órgano de Goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Facer pública a relación da aspirante aprobada así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 204, do 5 de setembro de 2002:

- UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL (OFERTA DE EMPREGO DO 2006):

- DONA SONIA MARÍA VILLASANTE ARMAS (puntuación total: 22,82 puntos).

Segundo.- A opositora aprobada, de conformidade coa base vixésimo das xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquél no que se publique a relación de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- 1) Fotocopia compulsada do documento que acredite posuí-la titulación esixida para o ingreso.
- 2) Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na legislación vixente.
- 3) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- 4) Dúas fotografías tamaño carné.
- 5) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Terceiro.- Contra esta Resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquél na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.

R. 01833

#### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Realización da obra de mellora capa rodadura do camiño dende estrada de Sarria por Santa Comba a estrada de Páramo c.p. 29-4. Obra 09feil35. (Fondo Estatal de Investimento Local).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total: 113.564,29 euros IVE incluído.

5.- Adxudicación:

a) Provisional: 31 de marzo de 2009.

b) Contratista: EXCAVACIONES R. LAGO, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 113.564,29 euros IVE incluído.

Lugo, 31 de marzo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO, Sonia Méndez García.

R. 01929

#### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Realización da obra de mellora dos contornos ou espazos públicos urbanos do acceso Este da cidade de Lugo: Rotondas e medianas da Avda. Infanta Elena entre Ponte Romai e rúa Monforte. Obra 09feil70. Fondo Estatal de Investimento Local.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total: 77.279,80 euros IVE incluído.

5.- Adxudicación:

a) Provisional: 31 de marzo de 2009.

b) Contratista: CALFENSA PROYECTOS, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 77.279,80 euros IVE incluído.

Lugo, 31 de marzo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E EMPREGO, Sonia Méndez García.

R. 01930

**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Privado.

b) Descrición do obxecto: A contratación de concertos con motivo da celebración da XXXII edición do festival de música cidade de Lugo "Semana de Música do Corpus lucense".

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado.

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato: 56.144 euros.

5.- Adxudicación provisional:

a) Data: 1-4-2009.

b) Contratistas:

GABINETTO ARMONICO, S.L: Concerto do grupo: "LA RISONANZA".

BRUSSELS INTERNATIONAL ARTIST MANAGEMENT MADRID, S.L: Concerto do grupo: "BACH CONSORT WIEN".

d) Orzamento máximo do contrato: 56.144 euros.

Lugo, 21 de xaneiro de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 01931

**ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS**

**IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

Data do documento: 24/03/2009.

Referencia: RPM/FRI - DRExp-006-2008.

Rematado o prazo de alegacións, procédese a elevar a firmes as seguintes actas de disconformidade mediante os seguintes Decretos da Alcaldía, asinados pola ILMA. SRA. D<sup>a</sup>. SONIA MÉNDEZ GARCÍA, TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO.

Acta Nº	DNI / NIF.	Pasivo /responsable tributario	Cota	Int. mora	Total
Resolución: 101/2009, de 24 de marzo de 2009					
019764	034243644W	CASTRO BOLAÑO, MARIA TERESA	1.214,68	273,13	1.487,81 euros
Resolución: 102/2009, de 24 de marzo de 2009					
019765	033785136E	VAZQUEZ ITURRIAGA, ADOLFO	399,20	91,01	490,21 euros
Resolución: 103/2009, de 24 de marzo de 2009					
019766	033856032D	MARQUEZ GACIO, MIGUEL ANGEL	875,51	196,51	1.072,02 euros
Resolución: 104/2009, de 24 de marzo de 2009					
019767	B27262351	INVERLUGO, S.L.	552,13	126,88	679,01 euros

O ingreso deberá realizarse na Tesourería Municipal ou en calquera sucursal de Caixa Galicia, mediante talón conformado ou efectivo, previa recollida das correspondentes cartas de pago, nas oficinas da Inspección, a partir do día seguinte ó da publicación da presente notificación nas seguintes datas:

a) Ata o día 20 (ou inmediato hábil posterior se aquél fora festivo) do mes seguinte ó da publicación desta notificación, cando esta sexa publicada no BOP entre os días 1 e 15 de cada mes.

b) Ata o día 5 (ou inmediato hábil posterior se aquél fora festivo) do segundo mes posterior ó da publicación desta notificación, cando esta sexa publicada no BOP entre os días 16 e último de cada mes.

## RECURSOS:

